

Expediente IET: P-20-726
Proxecto: Parque eólico Serra da Piñeira
Concellos: Baralla e Láncara (Lugo)
Promotor: Enel Green Power España, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 14/10/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Serra da Piñeira.

1. Antecedentes:

Con data do 26/01/2021, o IET emitiu un informe de contestación a consulta sobre o contido do estudo de impacto ambiental deste proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) do proxecto debía axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27 do Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de



integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (asinado o 13/12/2021).

O proxecto consiste na construción do parque eólico Serra da Piñeira, de 35 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificios de control, celas e residuos, e torre meteorolóxica). Dos aeroxeradores 5 terán unha potencia nominal de 6 MW e 1 de 5MW, cunha altura de buxa de 115 metros e 170 metros de diámetro de rotor. As edificacións para celas e control serán rectangulares de unha sola planta e cuberta a dúas augas cunha dimensións de 7,18 x 18,32 m² e 25 x 12 m² respectivamente. O edificio de residuos será con cuberta a unha auga e de 11,5 x 3,25 m². Os paramentos exteriores confórmanse mediante muros de termoarcilla e a carpintería de aluminio lacado. As cubertas se executarán tella de formigón.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP, anexo III (asinado o 13/12/2021).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o lugar no que se proxecta a actuación localízase nas grandes áreas paisaxísticas Chairas e Fosas Luguesas e Serras Orientais, nas comarcas paisaxísticas Sarria – Terra de Lemos e Os Ancares – A Fonsagrada, respectivamente.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a AEIP-01-11 Cruzul – Agüeira e a AEIP-01-10 Río Navia, localizadas en dirección leste a uns 5,8 km e 10,5 km, respectivamente, do grupo de aeroxeradores máis orientais do parque. En relación aos miradoiros, a uns 4,5 km sitúanse o Miradoiro da Pedreira-2, ao oeste do parque, e en dirección sueste, o de Pena Maior. Máis lonxe, a uns 8 km ao sur, aparece o miradoiro de A Meda-Triacastela.

Respecto a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Francés) discorre a uns 10,7 km ao sur do parque, e o PR-G 134 Sendeiro Muíños do Nacente a uns 8,7 km ao norte. Ademais, cómpre indicar que o parque eólico localízase integramente no ámbito da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”.

Os aeroxeradores do parque dispóñense en dous grupos, 4 aeroxeradores e a subestación ao norte sobre a Serra de Piñeira, e 2 aeroxeradores e a torre meteorolóxica ao sur no cordal do Monte da Serra. Trátase dunha contorna de relevo ondulado de serras aliñadas seguindo unha dirección NO-SL que se van alternando con vales escavados por cursos fluviais de distinta entidade, entre os que destacan, o río Neira e o río Covo. As serras aparecen ocupadas principalmente por especies forestais de repoboación, piñeiros e en menor medida eucaliptos, e superficies de matogueiras. Nesta contorna atópanse en explotación varias canteiras de rochas calcarias. Nos vales configúrase unha característica paisaxe agrícola composta por un mosaico de parcelas dedicadas a prados e cultivos delimitadas por valados e sebes vexetais, entre as que se intercalan bosquetes de vexetación autóctona, formacións que adquiren una densidade importante ás beiras das canles fluviais. Os núcleos rurais vanse diseminando por estes vales, a carón das distintas estradas que os atravesan. As principais vías de comunicación próximas ao proxecto son a autoestrada A-6, a estrada nacional N-VI, as autonómicas LU-621 e LU-636, e as provinciais LU-P-0503, LU-P-0504, LU-P-0506 e LU-P-0507.



5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha caracterización da paisaxe que inclúe un cálculo de conchas visuais; unha valoración da paisaxe; unha descrición das características básicas do proxecto; unha valoración dos impactos; unha xustificación do cumprimento das determinacións das directrices de paisaxe; as medidas de integración paisaxística adoptadas e, por último, un estudo de sinerxías.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo, nunha contorna de marcado carácter forestal.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico nin a rutas de sendeirismo. Por outro lado, pode ser relevante a incidencia sobre as vistas panorámicas desde o miradoiro de Pena Maior.

Outros impactos visuais produciranse debido á escasa distancia existente entre as infraestruturas do parque e os núcleos rurais, posto que existen distintos asentamentos de poboación situados a menos dun quilómetro, como son os de Piñeira, Pol, Sixirei, Vilaesteva, Dradas, Aspora, Bolaño ou Vilela. O núcleo urbano de Baralla localízase a uns 1,7 km ao norte do aeroxerador SP-01.

En todo caso, os principais impactos visuais virán derivados do efecto sinérxico cos cinco parques en tramitación situados nun radio de 5 km respecto deste proxecto. Esta circunstancia provocará unha diminución na calidade visual e estética das escenas agrarias características da contorna.

Con respecto ás medidas de integración paisaxística, as previstas no EIA (apartado 9.1.6) resultan xenéricas e insuficientes, e non se axustan as Directrices de paisaxe, polo que deberán completarse de acordo ao recollido no apartado seguinte.

6. Conclusión:

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Entre as zonas afectadas polo incidencia visual están o miradoiro de Pena Maior e os núcleos de poboación máis próximos. Aínda que non é viable ocultar ou apantallar os aeroxeradores desde a maioría dos puntos de observación (agás nos núcleos rurais), esta incidencia visual non supón (para os efectos do artigo 33.1.d) do RLPPG) un impacto crítico.

Así mesmo, provocará impactos pola previsión das tres edificacións industriais nunha paisaxe de montaña.



O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axustase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben debe completarse segundo as seguintes indicacións, xa expresadas no informe do IET do 26/01/2021:

- No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores. Nesta mesma liña, considerarase a posibilidade de facilitar a xestión forestal destas terras de forma que se apantalle o parque con plantacións forestais planificadas e xestionadas con esta finalidade, fomentando as especies autóctonas (directriz de paisaxe DX.20.c).
- Respecto das edificacións auxiliares da subestación, deberánse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m). Neste punto, cómpre reiterar que resulta máis axeitado resolver a cuberta do edificio da subestación con lousa en vez de tella de formigón, posto que o primeiro é o material tradicional empregado nas construcións da contorna. En todo caso, para asegurar unha adecuada integración paisaxística deberá ter en consideración a *Guía de cor e materiais de Galicia* dispoñible na web da Xunta de Galicia.
- Tendo en conta a previsión de construción de tres edificios para control, celas e residuos de considerable dimensión, e para os efectos da directriz de paisaxe DX.20.o, o peche da parcela da subestación debe complementarse exteriormente cunha sebe vexetal de especies autóctonas e adecuadas ao lugar (pode consultarse a este respecto a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*).

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

